



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente: 2026/G003/000446.

Asunto: xornada reducida de verán 2026.

ANTECEDENTES.

Resolución de 14 de abril de 2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado (BOE núm. 92 do 15/04/2026).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

As Administracións Públicas son competentes para establecer a ordenación do tempo de traballo do persoal ó seu servizo, dacordo co establecido nos artigos 47 e 51 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Artigo 94 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, sobre cómputo anual da xornada de traballo dos funcionarios da Administración local establece que *a xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en computo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado.*

A normativa dos funcionarios civís do Estado contense, polo ao que aquí interesa, na Resolución de 14 de abril de 2026, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado (BOE núm. 92 do 15/04/2026).

Conforme á instrución 2.4.a) e 3.1 da dita resolución *a duración da xornada xeral será de 35 horas semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, equivalente a mil cincocentas trinta e tres horas anuais, sen que poda menoscabarse o cómputo anual da mesma con ocasión da xornada intensiva de verán.*

A instrución 7.1 establece que *durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos inclusive, poderase establecer unha xornada intensiva de traballo, a razón de seis horas e media continuadas de traballo, a desenvolver entre as 8:00 e as 15:00 horas, de luns a venres. No caso de empregados e empregadas que realicen xornada só de tarde, deberán realizar seis horas e medias continuadas de traballo, entre as 14:30 e as 21:30 horas, de luns a venres.*

Por motivos de conciliación da vida familiar e laboral, os empregados e empregadas públicos con descendentes ou persoas suxeitas a súa tutela ou acollemento de ata 12 anos de idade, sempre que convivan co solicitante e dependas deste, estando ao seu

cargo, poderán acollerse a esta modalidade de xornada intensiva ata o 30 de setembro. Este dereito poderá exercerse tamén no ano no que o menor cumpra a idade de 12 anos.

Igualmente poderán acollerse a esta modalidade de xornada intensiva ata o 30 de setembro, os empregados e empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que convivan co solicitante e dependan deste.

Artigo 151 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que o rexistro xeral permanecerá aberto ao público tódolos días hábiles durante as horas previstas na lexislación de procedemento administrativo común.

A Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que cada Administración Pública establecerá os días e horario en que deban permanecer abertos seus rexistros, garantido en todo caso os dereitos dos administrados.

Para unha maior garantía dos dereitos dos administrados en aras á comprobación, cotexo e rexistro da documentación presentada, faise preciso, que o horario de apertura e peche do rexistro xeral non coincida co inicio e remate do horario da xornada laboral do persoal ao servizo do Concello encargados do rexistro xeral.

O Artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que o alcalde dirixe o goberno e a Administración municipal e desenvolve a Xefatura superior de todo o persoal.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Establecer, durante o período comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro do ano en curso, ambos inclusive unha xornada laboral intensiva de seis horas continuadas de traballo, a desenvolver entre as 8:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, para o persoal funcionario e o persoal laboral ao servizo do Concello da Baña. Por motivos de conciliación da vida familiar e laboral, os empregados e empregadas públicos con descendentes ou persoas suxeitas a súa tutela ou acollemento de ata 12 anos de idade, sempre que convivan co solicitante e dependan deste, estando ao seu cargo, poderán acollerse a esta modalidade de xornada intensiva ata o 30 de setembro. Este dereito poderá exercerse tamén no ano no que o menor cumpra a idade de 12 anos.

Igualmente poderán acollerse a esta modalidade de xornada intensiva ata o 30 de setembro, os empregados e empregadas públicos que teñan ao seu cargo persoas que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que convivan co solicitante e dependan deste.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Exclúese deste réxime de horario de verán aquelas persoas con relación de servizo co Concello da Baña que realizan os seus cometidos profesionais en postos con horario de tarde ou de mañá e tarde, así como aquelas encargadas do Punto de Atención á Infancia.

SEGUNDO. Aprobar, durante o dito período, un horario do Rexistro Xeral do Concello da Baña de atención ao público dende as 8:30 ás 13:45 horas.

TERCEIRO. Publicar este acordo no Taboleiro de edictos da Casa do Concello, dando conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar.

A Baña. Na data da sinatura dixital.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde-presidente.

Paula Martís Torres, secretaria-interventora.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE